

O ESQUEMA QUE SE EXPÓN É UN EXTRACTO DA/S ORDE/S DE CONVOCATORIA ACTUALMENTE EN VIGOR PUBLICADAS NO DIARIO OFICIAL DE GALICIA QUE SE SINALA PARA CADA CASO.

Orde do 13 de 24 outubro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes aos exercicios 2022 e 2023 (código de procedemento TR301V). DOG nº 206 do 28/10/2023 (Cursos iniciados entre o 01/11/2022 e o 31/10/2023, ambos incluídos).

Orde do 13 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego do Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal ou do Repertorio nacional de certificados de profesionalidade correspondentes aos exercicios 2023 e 2024 (código de procedemento TR301V). DOG nº 205 do 27/10/2023 (Cursos iniciados entre o 01/11/2023 e o 30/11/2024, ambos incluídos).

QUEN PODE SOLICITAR A AXUDA/BOLSA

Persoas traballadoras desempregadas (inscritas no Servizo Público de Emprego en situación de non ocupadas) que participen en accións formativas no marco da formación profesional para o emprego.

ONDE E COMO SOLICITAR A AXUDA/BOLSA

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) mediante o formulario normalizado do (Anexo I) do procedemento co código TR301V.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE AXUDA/BOLSA

Un mes desde que a persoa solicitante se incorpora a acción formativa ou desde que cambien as súas circunstancias persoais que orixinen o dereito a solicitar a axuda/bolsa. As solicitudes presentadas despois do prazo sinalado serán rexeitadas. Tampouco terán validez as presentadas antes de que comece o curso ou antes de que se produza o novo feito causante.

TIPOS DE BOLSAS/AXUDAS QUE SE PODEN SOLICITAR E REQUISITOS

AXUDA PARA TRANSPORTE			
Poderá solicitar o alumnado que utilice o transporte público ou o vehículo propio (se non ten posibilidade de transporte público) para asistir á acción formativa.			
TIPO DE AXUDA	IMPORTE	REQUISITOS / DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA	DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA
AXUDA TRANSPORTE PÚBLICO URBANO	1,50 euros/día Compatible con axuda transporte interurbano. Incompatible con vehículo propio.	Declaración responsable (punto 9 do Anexo I de solicitude) do tipo de transporte (urbano ou interurbano) e a liña que utiliza para asistir ao curso. O taxi terá a consideración de transporte público.	Autorizar as consultas oportunas no Anexo I de solicitude
AXUDA TRANSPORTE PÚBLICO INTERURBANO	1,50 euros/día Compatible con axuda transporte urbano. Incompatible con vehículo propio.		
AXUDA VEHÍCULO PROPIO	0,19 euros/km Axuda máxima: Máximo 20 euros/día (para cursos iniciados desde 01/11/23 ao 31/10/23, incluídos). Máximo 15 euros/día (para cursos iniciados desde 01/11/23 ao 30/11/24, incluídos). Incompatible con transporte urbano e interurbano.	Declaración responsable (punto 10 do Anexo I de solicitude) de que non existe medio de transporte público compatible co horario do curso, incluíndo os quilómetros recorridos diariamente (ida e volta) e a matrícula do vehículo utilizado. Documentación acreditativa (conservar 4 anos): - Xustificación de que non existe medio de transporte público compatible co horario do curso.	Autorizar as consultas oportunas no Anexo I de solicitude

AXUDA Á CONCILIACIÓN

Poderá solicitar o alumnado que teña que conciliar a súa participación no curso co coidado de fillos/as menores de 12 anos ou familiares (ata 2º grao) dependentes.

TIPO DE AXUDA	IMPORTE	REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA	DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA
Axuda á conciliación por coidado de menores de 12 anos ou familiares (ata 2º grao) dependentes.	15 euros/día no 2023 (75% do IPREM diario por día de asistencia) <i>Acumulable ao resto de bolsa e axudas.</i>	Declaración responsable (punto 8 do Anexo I de solicitude) de que a renda bruta familiar dividida polo número de membros debe ser inferior ao 75% IPREM. Declaración responsable (punto 13 do Anexo I de solicitude) de ter ao coidado un/ha fillo/a menor de 12 anos ou familiar ata 2º grao dependente. Documentación acreditativa (conservar 4 anos): - Xustificante de ingresos mes anterior curso - Autonomos: ingresos trimestre anterior dividido entre tres ou declaración trimestral - Libro de familia ou acreditación do grao de parentesco. - Certificado convivencia ou empadramento conxunto - Divorcio: Sentenza ou convenio regulador - Acreditación de dependencia e grao de parentesco	Autorizar as consultas oportunas no Anexo I de solicitude Anexo II (asinado por todas as persoas incluídas no mesmo)

AXUDA DE MANUTENCIÓN E DE ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Poderá solicitar o alumnado que asista a un curso que se desenvolve en horario de mañá e de tarde.

TIPO DE AXUDA	IMPORTE	REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA	DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA
Axuda de manutención	Os gastos de manutención ata un máximo de 12 euros/día de asistencia	Declaración responsable (punto 11 do Anexo I de solicitude) de que a acción formativa se desenvolve en horario de mañá e tarde a 20 km ou máis de distancia do enderezo de intermediación (o rexistrado no Servizo Público de Emprego de Galicia) Documentación acreditativa (conservar 4 anos): - Facturas ou xustificantes de pagamento da manutención.	Autorizar as consultas oportunas no Anexo I de solicitude Mensualmente facturas ou xustificantes de pagamento da manutención.
Axuda de aloxamento e manutención	Os gastos de aloxamento e manutención ata un máximo de 50 euros/día de asistencia	Declaración responsable (punto 12 do Anexo I de solicitude) de que a acción formativa se desenvolve en horario de mañá e tarde a 100 km ou máis de distancia do enderezo de intermediación (o rexistrado no Servizo Público de Emprego de Galicia); ou de que non existe medio de transporte público compatible co horario do curso. Documentación acreditativa (conservar 4 anos): - Contrato de arrendamento, facturas de hospedaxe, así como facturas ou xustificantes do pagamento da manutención.	Autorizar as consultas oportunas no Anexo I de solicitude Contrato de arrendamento, ou mensualmente facturas de hospedaxe, así como mensualmente facturas ou xustificantes do pagamento da manutención.

BOLSAS DE ASISTENCIA			
Poderá solicitar o alumnado que cumpla algún dos catro requisitos seguintes: - Ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%. - Que a acción formativa estea incluída no seu itinerario persoal individualizado de emprego (IPE). - Ser membro integrante de familia monoparental. - Ser membro integrante de familia numerosa.			
TIPO DE AXUDA	IMPORTE	REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA	DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA
DISCAPACIDADE recoñecida igual ou superior ao 33%	9 euros/día de asistencia <i>(aínda no caso de pertencer a máis de un dos catro colectivos)</i>	Declaración responsable (punto 8 do anexo I de solicitude) de que a renda bruta familiar dividida polo número de membros é inferior ao 75% IPREM.	Autorizar as consultas oportunas no Anexo I de solicitude Anexo II (asinado por todas as persoas incluídas no mesmo) Familia monoparental: Certificado da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Xeográfica.
Acción formativa incluída nun ITINERARIO PERSOAL INDIVIDUALIZADO DE EMPREGO (IPE)		Documentación acreditativa (conservar 4 anos) para os catro tipos de bolsa: - Acreditación das rendas familiares por membro inferiores ao 75% IPREM. - Xustificante de ingresos mes anterior curso - Autonomos: ingresos trimestre anterior dividido entre tres ou declaración trimestral - Certificado convivencia ou empadramento conxunto - Divorcio: Copia sentenza ou convenio regulador	
Integrante de FAMILIA MONOPARENTAL		Documentación acreditativa (conservar 4 anos). Segundo o tipo de bolsa: - Certificado de recoñecemento da discapacidade - IPE vixente con data anterior á que consta na carta de citación para a selección do curso. - Certificado da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Xeográfica acreditativo de ser membro de familia monoparental. - Título de familia numerosa.	
Integrante de FAMILIA NUMEROSA			
Axuda a alumnas que teñan recoñecida a condición de VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO (incluída a violencia vicaria e violencia dixital)	10 euros/día de asistencia <i>Compatible co resto das axudas</i>	Documentación acreditativa (conservar 4 anos): - Sentenza condenatoria - Orde de aloxamento - Informe servizos sociais ou sanitarios...	Autorizar as consultas oportunas no Anexo I de solicitude

Enderezo de intermediación: Enderezo da persoa solicitante que figura rexistrado no Servizo Público de Emprego de Galicia. Será o que se teña en conta para os supostos de axudas de transporte, aloxamento e manutención.

IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples): Índice utilizado como referencia para a concesión de axudas, subvencións, subsidio de desemprego... etc. **Os valores para o ano 2023 son 600 euros/mes ou 20 euros/día.**

Unidade familiar ou de convivencia: Persoas con parentesco ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade, que convivan no mesmo domicilio; cónxuxe ou parella de feito acreditada; ou persoas acollidas menores de 26 anos ou maiores discapacitadas.